

edición

SUMARIO

- [1-7] NOVAS
- [1-5] IGAEM
- [6] Centro Coreográfico Galego
- [6] Novidades Editoriais
- [7] Centro Dramático Galego
- [8-9] AXENDA
- [10] ALERTA!
- [11-12] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

O PLAN GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS CONTARÁ CON 66 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS 4 ANOS

HABERÁ UN ESFORZO ORZAMENTARIO PARA POTENCIAR O TEATRO, A DANZA E O NOVO CIRCO GALEGOS

ACENTÚASE O INCREMENTO CONTINUO DA APOSTA POLAS ARTES ESCÉNICAS ATÉ DUPLICAR EN 2011 O ORZAMENTO ACTUAL

Por primeira vez as artes escénicas galegas contarán cunha estratexia global e con liñas concretas para gañar protagonismo social e chegar a máis público. A conselleira, Ánxela Bugallo, adiantou as cifras do compromiso da Administración co Plan Galego das Artes Escénicas: 66 millóns de euros entre o 2008 e o 2011. Para entón, os orzamentos dedicados á promoción das artes escénicas duplicarán os de hoxendía.

A Consellaría de Cultura e Deporte está a ultimar co sector a redacción definitiva do Plan Galego das Artes Escénicas nun proceso no que participan máis de 60 representantes de todos os axentes implicados. O obxectivo é obter un marco eficiente e consensuado para as artes escénicas para os vindeiros anos, co obxecto de situalas no centro da vida cultural e social do país.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



Para acadar esa cifra total de 66 millóns de euros, a Consellaría prevé un incremento continuo do orzamento dedicado ás artes escénicas entre o ano 2008 e o 2011, tempo no que estará vixente o Plan. Durante este período o orzamento experimentará un incremento medio anual do 22%.

O Plan Galego das Artes Escénicas constituirá un fito sen precedentes en Galiza, tanto polo seu procedemento de xénese como polo alcance dos seus obxectivos. O proxecto fundaméntase na necesidade de que a política do Goberno galego no ámbito das artes escénicas sexa unha política integral. O Plan incluírá todos os departamentos das distintas consellerías con competencias en ámbitos relacionados co teatro e a danza en Galiza, para poder establecer deste xeito un marco estable de apoio á cultura que teña en conta as súas distintas dimensións: a social, a artística e a económica.

A Consellaría presentara publicamente o primeiro borrador do Plan en xuño deste ano e iniciara daquela un diálogo co sector para buscar o seu consenso. A Consellaría incorporou propostas dos axentes implicados e agora só restan por aprobar os prazos de execución e os mecanismos de avaliación.

As actuacións incluídas no Plan ordénanse sobre cinco eixos directores: a dimensión sociocultural, o fomento da creación, a promoción da industria escénica, a consolidación do mercado e a promoción exterior.

Entre as medidas concretas figuran a ampliación da rede de espazos escénicos, mellorando as súas capacidades técnicas e fomentando a colaboración entre eles; así como a racionalización das infraestruturas e a consolidación das mostras e festivos actuais. Así mesmo, tamén se pretende impulsar a figura dos teatros asociados ao Centro Dramático Galego para acadar unha maior difusión das súas producións.

INTEGRAR AS ARTES ESCÉNICAS NA SOCIEDADE

Un dos principais obxectivos é a creación dun público estable e asiduo aos espectáculos de teatro, danza e novo circo galegos. Ordenaranse as programacións segundo públicos (escolar, infantil, xuvenil e adulto) e incidirase entre a xente máis nova, cun programa cultural específico no eido escolar para habituar aos alumnos e alumnas ao teatro e á danza.

Tamén se facilitará o acceso aos espectáculos por parte de todas as persoas. A Consellaría fomentará a implantación de servizos de atención aos menores e ás persoas dependentes para que as persoas con cargas familiares poidan acudir aos espectáculos. Neste sentido de achegar as artes escénicas a toda a sociedade, tamén se establecerán proxectos pilotos de animación socio-cultural dirixidos a colectivos con risco de exclusión social.

En canto ao fomento da creatividade, o borrador do Plan presentado hoxe

Orzamento do Plan Galego das Artes Escénicas segundo eixos de actuación

Eixos	Total 2008-2011
Dimensión sociocultural	14.237.000
Fomento da creación	3.478.000
Promoción da industria escénica	10.996.000
Consolidación do mercado	23.052.000
Promoción exterior	14.601.000
TOTAL	66.364.000

pola conselleira inclúe residencias formativas temporais para compañías privadas e para novos creadores e creadoras individuais. Tamén en canto á formación, contémpase a concesión de bolsas. Por outra banda, establécense apoios financeiros reforzados para as producións innovadoras.

Un punto novidoso de especial importancia é a creación de residencias estables. Neste caso, unha compañía ligaríase a un espazo escénico podendo traballar e representar nel os espectáculos de maneira que gañaría estabilidade. Asemade, esa compañía levaría a cabo nese mesmo espazo unha labor sociocultural impartindo cursos de formación e traballando con grupos de teatro amateur da zona. Trátase de fomentar as redes culturais e integrar e consolidar as artes escénicas na vida cultural das nosas vilas e cidades.

REFORZAR AS EMPRESAS DO SECTOR

O Plan pretende consolidar as empresas culturais do sector e para iso contempla axudas á incorporación de melloras técnicas, en especial

as novas tecnoloxías da información, e á formación dos recursos humanos. Así mesmo, estabecerase un sistema de bolsas de prácticas en empresas e unidades de produción para facilitar a transición entre o ensino e o mercado laboral; así como o fomento dun convenio colectivo no sector para fomentar o emprego de calidade e unha remuneración axeitada. Para garantir unha maior estabilidade das empresas, a Consellaría tamén está a avaliar a idoneidade de conceder axudas bianuais e trianuais.

Por último, promoverase a proxección das creacións galegas no exterior mediante o reforzo das axudas á distribución no exterior. Neste punto farase especial fincapé no mundo de fala portuguesa. A recente Feira Galega das Artes Escénicas xa se orientou cara este mercado, no que as producións galegas poden entrar con máis facilidade.

O segundo borrador do Plan pode consultarse nas páxinas web da Consellaría de Cultura e Deporte e do IGAEM.

CASTELA-A MANCHA, EUSCADI, MADRID, ASTURIAS, EXTREMADURA, PORTO E PAREDES DE COURA PROGRAMARÁN 79 FUNCIÓNS DE TEATRO GALEGO A PARTIR DA FEIRA

Castela-A Mancha, Euscadi, Madrid, Asturias, Extremadura, Porto e Paredes de Coura programarán un total de 79 funcións de teatro galego a raíz dos contratos pechados no marco da Feira Galega das Artes Escénicas 2007 que, organizada pola Consellería de Cultura a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), se desenvolveu do 23 ao 27 de novembro en cinco escenarios de Santiago de Compostela: Sala Nasa, Salón Teatro, Teatro Galán, Teatro Principal e auditorio do IES Xelmírez I.

Títeres Trompicallo, Producións Acontrabutaca, Lagarta Lagarta, Sarabela Teatro, Nut Teatro, Pistacatro, Mago Antón, Monicreques de Kukus e Matarile son as compañías contratadas por programadores de fóra de Galiza no marco do programa de bonificacións á distribución exterior do IGAEM. Trompicallo pechou 21 funcións do seu espectáculo *Bolboreta* en diferentes escenarios da rede de teatros de Castela-A Mancha e 6 en Euscadi, mentres que Acontrabutaca protagonizará 18 pases de *Robin Hood* no Teatro Calderón de Madrid. Lagarta Lagarta ofrecerá unha representación de *As últimas lúas* no Teatro Moderno de Guadalaxara; Sarabela Teatro outra de *Margar no Pazo do Tempo* no Auditorio Municipal de Lousada en Porto (Portugal); e Nut Teatro fará o propio con *Corpos disidentes* no Fitei (Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica) de Porto. Pola súa banda,



Acción promocional da Feira

PistaCatro, con *Kamikaze* e Mago Antón terán cadansúa función en Paredes de Coura (Portugal); Monicreques de Kukus levará tres espectáculos (*Sen título*, *Un agasallo para Xaquín* e *A doncela guerreira*), cun total de 24 representacións a distintos puntos de Asturias, Castela-A Mancha e Extremadura; e Matarile Teatro realizará cinco pases de *Trueños y misterios* no Centro Cultural de la Villa, en Madrid.

A esta cifra haberá que engadir as representacións concertadas cos programadores galegos asistentes, que se materializarán fundamentalmente na próxima programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do 1 de xaneiro ao 15 de xuño de 2008.

A posta en marcha da liña de promoción exterior, mediante a que se bonifica a contratación de montaxes galegas, veu reforzar a concepción

da Feira Galega das Artes Escénicas como espazo destinado á compra-venda de espectáculos. A Feira Galega das Artes Escénicas pechou as súas portas tras cinco intensos días de funcións de teatro e

danza, protagonizadas por 21 compañías galegas e 4 chegadas dende diferentes países lusófonos. Os espectadores de Santiago de Compostela refrendaron tamén activamente o evento coa súa



Exposición *Un País desde as Táboas. 125 anos de Teatro Galego*



Rolda de prensa de presentación da Feira

elevada asistencia a todos os espectáculos programados.

Até Compostela desprazáronse tamén cento de programadores de teatros, auditorios, circuitos e festivais de diferentes puntos de Galiza e do resto do Estado (Andalucía, Cataluña, Castela-A Mancha, Castela e León, Comunidade Valenciana, Euskadi e Madrid), así como do Norte de Portugal, que contaron cunha serie de dotacións destinadas a favorecer a contratación de espectáculos: a zona de *stands* de empresas e asociacións escénicas (Asociación de Magos Galegos, Culturactiva, Eme2 Producións, Escena Galega, Experimenta Danza, La Imagina Machina, Nut Teatro, Os Monicreques de Kukus, PistaCatro Produtora de Soños, Sarabela Teatro, Teatro Galileo, Teatro de Ningures e o expositor co que o Ministerio de Cultura Portugués promocionou as compañías do norte do país veciño.

AS EMPRESAS MUSICAIS GALEGAS E A MARCA GALICIA TUNES AFÍANZANSE EN WOMEX

A feira de músicas do mundo Womex (World Music Exhibition), que se celebrou en Sevilla do 24 ao 28 de outubro, afianzou a visibilidade das empresas musicais galegas e da marca GalicianTunes como parte importante no sector específico das músicas tradicional, étnica, de raíz e folclórica. A delegación galega, que estivo formada por 12 empresas e encabezada polo IGAEM, contou ademais coa asistencia do director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, quen mantivo na capital andaluza unha reunión coas discográficas e distribuidoras alí desprazadas, para continuar a traballar na promoción internacional da nosa música.

A Consellaría de Cultura e Deporte conseguiu que, por primeira vez, a música galega estea presente de forma institucional en Womex baixo a marca GalicianTunes, unha identidade musical para a proxección exterior da música galega, que xa se está a consolidar e que conta cunha exitosa páxina web con información sobre Galiza, a súa música e a posibilidade de descargas de cancións. A representación do noso país na feira contou cunha oferta musical propia e



Stand galego en Womex

cun completo material promocional. Baixo o lema de «The spirit of Finis-terrae», inclúe un libro con información sobre Galiza e a súa música e un cd con cancións seleccionadas polo propio sector a través das asociacións AGAPHONO e AGEM.

NOVA XUNTANZA NO IGAEM

Na continuación desta liña de traballo conxunta, a principios deste mes de novembro a Consellaría de Cultura e Deporte manterá no IGAEM unha nova xuntanza coas empresas do sector. Ademais de fixar un programa de traballo para o 2008 no que se prevé ampliar a asistencia a eventos internacionais do mercado latinoamericano, esta cita tamén busca diferenciarse do resto de plataformas reivindicando unha música con identidade a través da marca Gali-

cianTunes. Así mesmo, estudarase a posibilidade de facer unha promoción conxunta dos festivais galegos, e de entre os máis consolidados, utilízalos como mercado para atraer aos programadores. As empresas tamén debaterán no IGAEM sobre o estado das axudas que abranguen a promoción exterior en festivais ou sobre a produción de novidades discográficas.

A presenza en Womex foi especialmente trascendental para a industria musical galega porque no mercado internacional a música do noso país encaixa directamente coa denominación de músicas do mundo. De feito, Womex é o maior evento profesional e comercial neste tipo de música. Ademais do concerto do grupo Marful o día 26, unha ducia de empresas do sector musical galego participaron activamente no evento: A Fábrica de

Chocolate, Abada, Berrogüetto Produccións, Falcatriada, Lonxa Cultural, Nordesia, Ouvirmos, Deica Management, Iabadabadú Festicultores, Nalgures, Promociones sin Fronteras e Zouma Records.

A de Womex é a terceira feira á que acode este ano o sector musical galego ao abeiro do IGAEM. Primeiro foi Midem en Cannes (Francia) e logo Popkomm en Berlín. Coa asistencia aos principais eventos internacionais do mercado profesional da música, a Consellaría busca dar a coñecer no exterior a riqueza musical do noso país e facilitar que empresas e grupos galegos poidan establecer contratos e colaboracións no mercado internacional.

MÁIS DE 40 ALUMNOS PARTICIPAN NOS CURSOS DE PRODUTOS FINANCIEROS E PLANIFICACIÓN EMPRESARIAL

Máis de 40 profesionais do sector escénico e musical galego participarán como alumnos no curso Produtos Financeiros e Financiamento na Peme e na segunda edición do seminario de Planificación Empresarial, que ofrece o IGAEM e imparte o profesor Fernando M. Valverde. De acordo cos seus obxectivos de potenciar e incentivar a actividade empresarial no ámbito do teatro, a música e a danza de Galiza, o IGAEM mantén a súa colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e BIC-Galicia no desenvolvemento destas actividades formativas, que se celebran neste mes de novembro nun aula da Escola de Altos Estudos Musicais.

O curso Produtos Financeiros e Financiamento na Peme consta dun total de 8 horas lectivas e ten como obxectivo proporcionar habilidades ao empresario e/ou xestor para enfrontar as diversas negociacións con entidades financeiras de forma construtiva e lograr un resultado satisfactorio. O seminario expón unha análise dende o punto de vista das entidades financeiras e o proceso de toma de decisións nas mesmas. Terá lugar os días 6 e 7 de novembro de 16:30 a 20:30 horas.

O seminario de Planificación Empresarial celébrase por segundo ano consecutivo mediante a impartición de 24 horas lectivas presenciais, que poden complementarse con titorías personalizadas segundo as necesidades dos asistentes. Dirixido preferentemente a titulares de empresas escénicas ou musicais, o programa ten en conta as especiais características do sector para facer fincapé en diferentes aspectos relacionados coa orientación ás empresas xa en funcionamento, a organización interna e a viabilidade financeira desde a perspectiva de proxectos anuais de produción/distribución con énfase na idea declinante/mercado e nos elementos de marketing. O seminario axudará a coñecer os conceptos básicos necesarios para enfocar o plan de negocio, deseñar o proxecto de empresa e contrastar a viabilidade do mesmo en sesións eminentemente prácticas. As clases presenciais serán os días 12, 13, 14, 15, 21 e 22 de novembro, tamén en horario de 16:30 a 20:30 horas.

ROBERTO SALGUEIRO E CARLOS LOSADA GAÑAN OS PREMIOS ÁLVARO CUNQUEIRO E MANUEL MARÍA

Roberto Salgueiro González coa obra *Historia da chuvia que cae todos os días* e Carlos Losada Galiñáns co texto *Game over* son os gañadores, respectivamente, da edición 2007 dos Premios Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e Manuel María de Literatura Dramática Infantil que convoca o IGAEM. As dúas modalidades (adultos e infantil) da edición 2007 do Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres quedaron desertas. Os autores galardoados percibirán unha dotación económica de 6.000 € no caso do Álvaro Cunqueiro, e de 4.000 € no do Manuel María; e ambas as obras serán publicadas dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas o IGAEM en colaboración con distintas editoriais galegas.

Con *Historia da chuvia que cae todos os días*, Salgueiro álzase por cuarta vez co Cunqueiro. O autor trata nesta ocasión de botar unha ollada, desde unha perspectiva realista, sobre o noso país. A través do enfrontamento entre un pai e un fillo o texto pretende analizar dúas xeracións tan diferentes como semellantes, a constitución de Galicia como espazo universal, onde a emigración condicionou a nosa constitución e pasados os anos, a inmigración volve poñernos en situación de análise. O xurado destacou deste texto a dramatización que o autor fai dos conflitos sociais presentes en Galiza na actualidade, como son a falta de perspectivas laborais, as cargas familiares, a emigración ou o choque xeracional. Trátase dunha obra com-

prometida, que emprega un galego vivo, de diálogos áxiles, tensos, cribles, con carga dramática, onde domina o conflito entre un pai e un fillo que viviron vidas parecidas.

En *Game over*, Losada Galiñáns conta a viaxe dun neno chamado Roi ao país das súas marabillas, dos seus xogos e dos seus medos, unha aventura que, como toda aventura que mereza ser recordada, sempre deixa de agasallo moito máis do que o propio aventureiro imaxinou. Neste caso, o xurado fixo referencia ao bo ritmo da obra, ás súas boas posibilidades escénicas e a frescura da súa linguaxe, concretando que estamos ante unha obra ben argallada, fácil de seguir para os rapaces e non exenta de certa profundidade ao introducir unha mensaxe moi actual, que non é outra que o illamento ao que se someten na

actualidade os pequenos por ese mundo das máquinas. A introdución da máquina como personaxe, o humor e un interesante tratamento da violencia son elementos destacados de *Game over*.

O xurado, que foi único para todos os premios e tomou as súas decisións por maioría dos seus membros, estivo integrado por Euloxio Rodríguez Ruibal, como presidente; e por Xesús Ron Pereiro, Daniel González Salgado, Paula Carballeira Cabana, María Ángeles González Rodríguez e Cándido Pazó González como vogais.

TRAXECTORIA DOS GALARDOADOS

Roberto Salgueiro (Caracas, 1966), licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e DEA en Literatura e Literatura Comparada, é director da Aula de

Teatro da Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 1990 e ten publicado diversos ensaios e traducións sobre a práctica teatral e dirixido para diversas compañías de teatro e institucións públicas. Os seus traballos como director de escena e autor presentáronse en numerosas localidades de Galicia e España así como en Bélxica, Francia, Países Baixos, Noruega, Alemaña, Portugal, Marrocos, Porto Rico, Estados Unidos... Foi galardoado en tres ocasións anteriores cos premio Álvaro Cunqueiro (1988 con *O arce do xardín*, 2000 con *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado* e 2002 con *Molière final*). En 2002 obtivo o premio de dramaturxia Carlos Couceiro con *Apnea* e en 2006 acadou o premio de Teatro Abrente con *Memoria de Helena e María*, ademais de ser finalista do Rafael Dieste en 2001 con *Matanza* e do Álvaro Cunqueiro en 1989 con *Historia de Neera*.

Carlos Losada (Cambados, 1966), autor e director teatral, estreou unha ducia de espectáculos en compañías universitarias e independentes de Galiza, entre outros *Os Xemelgos de Plauto*, *Proceso en Jacobusland* de Blanco-Amor, e textos propios, *Desamaneando*, *Síntoo*, *Señor dado*. No ano 2000 funda con Rubén Ruibal a compañía profesional teatro Cachuzo, e dirixe *Fume* de Carlos Losada e Rubén Ruibal; no ano 2003 dirixe *Insomnio* de Rubén Ruibal e en 2005 *Charlie's Angels'sex* de Begoña Ferreira e Eva Gontad. Traballou no equipo de dirección dos espectáculos *Criaturas* e *Animaliños* de Teatro do Aquí e no *Rosalía* do Centro Dramático Galego, todos baixo dirección de Roberto Vidal Bolaño.

SELECCIONADOS OS VINDEIROS TRES TÍTULOS A PUBLICAR NA SERIE AGRA NOVA

As composicións *Inquedanzas*, de Pablo Beltrán Sobrado; *Concerto para saxofón e 7 instrumentos*, de Xabier Mariño Álvarez; e *Rehabilitación no Lavadoiro da Ribeira*, de Gloria Rodríguez, pasarán a ser os números 3, 4, e 5, respectivamente, da serie de música impresa Agra Nova, que edita o IGAEM en colaboración coa empresa Dos Acordes como parte da colección *Ars Gallaeciae Musicae*.

Despois de ser valoradas a case vintena de obras de 11 autores diferentes presentadas á convocatoria do IGAEM, o director da colección *Ars Gallaeciae Musicae*, Joám Trillo, e o coeditor da colección e director de Dos Acordes, Javier Jurado, propuxeron como traballos elixidos para seren publicados na serie Agra Nova en 2007, "pola súa calidade e posibilidades interpretativas, ao que non están alleos os criterios comerciais", os títulos *Inquedanzas* e *Concerto para saxofón e 7 instrumentos*. Aínda que inicialmente só estaba prevista a selección de dúas obras, a valoración da calidade da obra presentada por Gloria Rodríguez fixo que o xurado propuxese tamén a súa publicación.

O IGAEM xa viña editando, en colaboración coa editora Dos Acordes, a colección *Ars Gallaeciae Musicae*, publicacións de música impresa que dan cabida a obras de recoñecido interese de compositores galegos de renome. En 2006 abriuse dentro desta colección a serie denominada Agra Nova, para acoller obras de compositores galegos actuais, e da que xa forman parte os títulos *Sonata para piano*, de Carlos Cambeiro (nº 1) e *Sinfonietta en Fa*, de Fernando Alonso (nº 2).



Paula Carballeira desvelou os nomes dos premiados

O CCG COLABORA COA SALA ENSALLE DE VIGO NUN TALLER A CARGO DE CARMEN WERNER

O Centro Coreográfico Galego (CCG) colabora coa Sala Ensalle de Vigo no desenvolvemento dun obradoiro de danza a cargo de Carmen Werner, da compañía Provisional Danza, que terá lugar do 19 ao 22 de novembro neste espazo escénico da cidade olívica.

Está previsto que uns 15 alumnos participen neste obradoiro, que está dirixido tanto a profesionais da danza como de teatro e no que Werner fará fincapé na parte expresiva ou narrativa da danza máis que na estritamente técnica.

Carmen Werner, licenciada en Educación Física pola Universidade Politécnica de Madrid, estuda Danza Clásica e Contemporánea en Madrid, Barcelona e Londres. Crea a súa propia compañía, Provisional Danza, pola que recibe numerosas distincións, entre elas o Premio de Cultura na Sección de Danza da Comunidade de Madrid 2000 e o Terceiro Premio Internacional de Danza Onassis 2001. Obtivo o Premio Mención do XIII Festival de Cinema de Girona para o vídeo en formato cine "La noche, marejada de un cuerpo" en 2001. A compañía realizou máis de 50 espectáculos e actuou en máis de vinte países, entre os que se atopan Francia, Alemaña, Italia, Holanda, Turquía,

Brasil, Xapón, Rusia, México, Chile e India.

Despois desta colaboración para o obradoiro de Carmen Werner, o CCG continuará co seu plano formativo cun taller de composición musical para coreógrafos e bailaríns, que impartirán os mestres de música tradicional Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero os días 26 e 27 de novembro na sede do Centro Coreográfico na Coruña.

Esta actividade pretende amosar o proceso creativo da composición musical para a súa posible aplicación noutras disciplinas artísticas, nomeadamente a creación coreográfica. Entre os contidos que se tratarán figuran a definición de creación musical, a estrutura da música occidental, as fontes da creación musical, a inspiración e a formación adquiridas, as pautas estéticas e/ou sociais, a orixe da creación, a finalidade do proceso creativo (persoal ou social), a formación musical teórica e práctica, a análise do corpus musical: estilos musicais agrupados xeográfica, histórica e esteticamente, os exercicios de composición musical e os elementos motivo, frase e parte como integrantes da composición.

Os interesados neste curso, para o que están dispostas un máximo de 15 prazas, teñen até o 12 de novembro para formalizar a súa inscrición no CCG.

COMPLETADO O ELENCO DE BAILARÍNS PARA A VINDEIRA PRODUCCIÓN

O Centro Corrográfico Galego concluíu o proceso de selección para conformar o corpo de baile para o espectáculo que producirá na próxima temporada 2007-2008, cunha última audición que se levou a cabo o pasado 27 de outubro no Institut del Teatre de Barcelona e na que resultaron seleccionados os bailaríns Álvaro Esteban López, Anna Calsina Forrelland e Jordi Vilaseca Lorite.

Estes tres novos nomes veñen a sumarse ao grupo do que xa formaban parte Lenka Bartunkova, Florent Bergal, Hannah Shakti Buhler, Alexis Fernández Ferrera, Kírenia Celia Martínez Acosta, Gabriella Máthé e Nuria Sotelo Rodríguez.

Trala convocatoria desta audición o pasado mes de maio, o CCG recibiu máis de 160 solicitudes de participación procedentes de diferentes puntos de Galiza e España, así como de numerosos países de Europa (Alemaña, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Portugal e Reino Unido, entre outros) e América (Costa Rica e Arxentina).

Os 10 bailaríns e bailarinas seleccionados traballarán na vindeira produción propia do Centro Coreográfico Galego, que está previsto sexa estreada a finais de febreiro de 2008, tomado o relevo de Vacuo, a peza inaugural do CCG que dirixiu Maruxa Salas, da que se levaron a cabo máis de 30 funcións dende a súa estrea en xaneiro e coa que se tivo participado en destacados encontros coreográficos como o Mov-s de Barcelona, Dansa València, ou o festival "El tableteo de la cigüeña" de León.



novidades editoriais

Análise de hábitos e preferencias culturais do público potencial de teatro. A xeración de mileuristas

IGAEM

http://www.igaem.xunta.es/mediateca/Igaem_documentacion/estudios_investigacion/estudio_habitos_e_preferencias_culturais.pdf

O IGAEM e a empresa de investigación social Cidadanía realizaron este estudo, centrado nos hábitos de consumo cultural en Galiza das mulleres que integran a denominada xeración 'mileurista' como público potencial de teatro, no que se definen os factores que inciden directamente na configuración das súas preferencias culturais.

Producción escénica galega 07

IGAEM

Edición non venal / Tamén está dispoñible en formato pdf en: http://www.igaem.xunta.es/mediateca/Igaem_documentacion/otros_documentos/catalogo_de_produccion_escenica.pdf

Coincidindo coa celebración da Feira Galega das Artes Escénicas 2007, o IGAEM editou por vez primeira o catálogo Producción escénica galega 07, no que se recollen os principais datos das últimas propostas teatrais e coreográficas de 31 compañías galegas (16 de teatro para adultos, 10 para público familiar e infantil e 5 de danza).



ÉXITO SEN PRECEDENTES PARA A «NOITE DE REIS» DE QUICO CADAVAL

Máis de 3.700 espectadores asistiron en Santiago entre o 28 de setembro e o 21 de outubro á produción do Centro Dramático Galego (CDG) *Noite de Reis. Ou o que queirades*. O espectáculo dirixido por Quico Cadaval a partir do texto de William Shakespeare, rexistrou un éxito sen precedentes, tanto nas funcións de público xeral como nos pases matinais aos que acudiron máis dun milleiro de alumnos de bacharelato.

O Salón Teatro, sede escénica do CDG, rexistrou un cheo practicamente absoluto nas cinco funcións semanais (de mércores a domingo) desenvolvidas. De feito, en cinco delas houbo que colgar a carteleira de 'Non hai billetes'. A excelente acollida do espectáculo está a propiciar que se baralle a súa reposición para principios do ano que vén,

e satisfacer así a demanda dos espectadores que integraron unha listaxe de espera e quedaron finalmente sen poder ver a obra por insuficiencia de localidades. A posibilidade da reposición determinárase en función da dispoñibilidade dos actores que integran o elenco.

